

Vázquez Arias dedica unha cantata á obra de Rosalía na Fundación Barrié

MÚSICA O profesor e compositor Fernando Vázquez Arias dirixirá á Coral Follas Novas o próximo día 23 no concerto *Estrea da Cantata Rosaliana*, nunha velada que se desenvolverá na Fundación Barrié de A Coruña (19.30 horas). A peza, composta por Vázquez Arias, é unha obra coral co seu título inspirada nun dos poemarios más importantes da autora, composta para so-

prano mezzosoprano, baixo, barítono, coro mixto e piano. Inspírase na literatura e poesía rosaliana "facendo fincapé nalgúns dos temas que máis identifican á poetisa de Padrón" e intercala textos propios do compositor que describen "en ocasións conceptos da vida da poetisa e os seus sentimientos enfrentados". A voz solista da soprano correspondece co

personaxe de Rosalía e a do barítono representa a Murguía. Os intérpretes da cantata son Anna Mirzoyan, ao piano; Clara Jelihovsky (soprano); María José Ladra (mezzosoprano); Gabriel Alonso (barítono) e Alejandro Balibás (baixo). A obra conta co patrocinio da Deputación de A Coruña, o concello herculino e tamén da Fundación Barrié.


ECG



Fernando Vázquez Arias

'Yo soy yo y mis parásitos', de McAuliffe

LIBRO La periodista Kathleen McAuliffe, especialista en temas científicos, ha publicado *Yo soy yo y mis parásitos*, editado por Urano. Se trata de una investigación sobre los últimos descubrimientos acerca de parásitos y otros microorganismos que influyen en nuestro comportamiento. De forma directa o indirecta estos seres vivos manipulan cómo pensamos, senti-



mos o actuamos y analiza además las influencias en los rasgos de toda una sociedad y en las diferencias que pueden ocasionar entre las culturas. ECG

DOMINGO
18 DE JUNIO DE 2017

EL CORREO GALLEGO

TENDENCIAS | 39

CRISTALBOX

Yo elijo un #profesional

LUNAS DEL AUTOMÓVIL

Avda. de Lugo, 253 • Tel. 881 817 679

Décimo aniversario dos clubs de lectura escolares en Galicia

Román Rodríguez entregou en Compostela o premio de 2017 a Miguel Anxo Prado // É unha iniciativa pioneira en España



Un dos grupos de clubs de lectura escolar, onte no Pazo de Congresos de Compostela. Foto: Antonio Hernández

KARMELE VÁZQUEZ
Santiago

Logo de dez anos da súa posta en funcionamento, os clubs de lectura estanse a afianzar nos centros educativos como unha ferramenta de mellora das competencias e destrezas do alumnado.

Coincidindo con este aniversario, celebrouse no Pazo de Congresos e Exposiciones de Galicia unha

xornada de encontro, presidida polo conselleiro de Cultura, Román Rodríguez, entre docentes, alumnos e familias con diversas actividades como performances, obradoiros (poéticos, de dobraxe, de radio, de cómic, de narración, de improvisación oral), así como graffiti e cultura urbana, e encontros con autores. No decurso da xornada, Román Rodríguez, fixolle entrega do

Premio Clubs de Lectura 2017 ao ilustrador Miguel Anxo Prado, que foi elixido polos propios rapaces participantes nesta iniciativa; e de quen destacou a súa importante traxectoria a prol do desenvolvemento, difusión e profesionalización da banda deseñada galega.

Segundo Román Rodríguez, Prado é un exemplo de cómo se pode incentivar aos rapaces na práctica

da lectura a través dunha obra na que conflúen todos os valores artísticos do cómic á vez que "comunica, emociona e entretén".

Este galardón foi institucionalizado en 2015 co obxectivo de recoñecer cada ano a aqueles autores que, cos seus traballos, axudan á construcción de lectores nas etapas da adolescencia, que é precisamente unha fase de risco de abandono da lectura.

En canto ás bibliotecas, O Ministerio de Cultura e Deporte vén de facer públicos os resultados da Estatística de Bibliotecas Escolares correspondente ao curso 2015/16, nos que se constata que Galicia sitúase á cabeza das comunidades autónomas tendencias@elcorreogallego.es

Trátase dunha iniciativa pionera en España, que sirve ademais como guía para outras comunidades do estado. Conta cun total de 244 clubs de lectura funcionando no presente curso 2016/17, con grupos formados no 61 por cento dos centros.

Neste sentido, o concelleiro puxo en valor o traballo en equipo dos centros, dos docentes e dos alumnos participantes nos clubs de lectura xa que o realizan "fóra do horario lectivo, de forma voluntaria e demostrando o seu compromiso persoal e profesional". Tamén agradeceu a implicación das propias familias neste proxecto que é un exemplo de "boa práctica para construír comunidade educativa", e do equipo de asesores de bibliotecas da Consellería e do Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI).

A Consellería de Educación destinou este ano un total de 210.000 euros co fin de sufragar os gastos derivados do desenvolvemento das accións que organizan os clubs, fundamentalmente á adquisición de libros empregados

nas propias actividades e que logo pasan a formar parte dos fondos da biblioteca escolar.

En canto ás bibliotecas, O Ministerio de Cultura e Deporte vén de facer públicos os resultados da Estatística de Bibliotecas Escolares correspondente ao curso 2015/16, nos que se constata que Galicia sitúase á cabeza das comunidades autónomas tendencias@elcorreogallego.es

Bicentenario del nacimiento de Fernández Morales

Valentín García preside el homenaje al poeta berciano "que apostó por el gallego"

Santiago. El secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, ha participado este sábado en Cacabelos en los actos de homenaje al escritor berciano Antonio Fernández Morales, en el bicentenario de su nacimiento.

Esta conmemoración estuvo organizada por el Grupo Las Médulas para la Lengua y Cultura Gallegas del Bierzo, con la colaboración de la Consellería de Cultura, el Ayuntamiento de Cacabelos, el Consejo Comarcal del Bierzo, el Instituto de Estudios Bercianos y el hotel La Moncloa.

García Gómez ha acudido en primer lugar a la casa del escritor, situada en la calle Santa María, donde se presentó el homenaje, se leyeron poemas de Fernández Morales y se escucharon algunos de sus textos musicados, que interpretó el grupo 2na-Frontera.

Allí, el secretario xeral ha recordado que este poeta "apostó por el gallego cuando todo estaba por hacer" y ha considerado que "este homenaje debe servir para divulgar su ejemplo".

"Para que, si hoy vemos que queda camino por andar en la promoción de la lengua gallega, pongamos nuestro grano de arena en la seguridad de que todas las aportaciones, y desde luego las que hacéis en el Bierzo, son importantes", ha resumido. EFE tendencias@elcorreogallego.es